

ESTATUTOS X CONGRESO DO ESTATUTOS do STEG



ESTATUTOS do STEG

1. DENOMINACIÓN, DOMICILIO, ÁMBITO TERRITORIAL E PROFESIONAL

1.1. Denominación sindicato de traballadoras e traballadores do ensino de galiza.

En siglas: O STEG [pronúnciese estega]

1.2. Ámbito profesional

O STEG desenvolve a súa actividade no ámbito do **ensino público**, en todos os seus niveis, desde Educación Infantil á Universidade. Poderanse afiliar ao STEG todas as traballadoras e traballadores, docentes e non docentes, que estando en servizo activo, excedencia, xubilación ou desemprego realicen, realízen ou estean en condicións de realizar o seu traballo no ámbito do ensino público; comprometéndose o sindicato a defender os seus dereitos. Igualmente, e en correspondencia coas súas características, o STEG poderá establecer relacións con persoas e/ ou organizacións integrantes de outros ámbitos profesionais, dende o ideario do sindicalismo autónomo e asembleario e mantendo o máximo respecto polos presentes Estatutos.

1.3. Ámbito territorial

O STEG desenvolverá a súa actividade en Galiza.

1.4. Domicilio

Sen prexuízo das sedes de localidade ou zonas que se instalen, o domicilio social fíxase provisionalmente en Lugo, na Rúa do Conde, 31, entresollado esquerda, CP 27003.

2. CARACTERÍSTICAS

2.1. Galego e nacionalista

Porque o seu ámbito xeográfico é Galiza, os seus órganos de goberno e decisión son galegos, e o seu idioma é o galego. Porque defende os dereitos e intereses da clase traballadora galega e do pobo galego. Porque defende e reivindica os dereitos nacionais de Galiza, defende o dereito á autodeterminación como dereito democrático básico do pobo galego.

2.2. Unitario

Porque no STEG teñen cabida todas as traballadoras e traballadores do ensino que concorden cos seus fins. O Sindicato garantirá no seu seo a liberdade de expresión individual e colectiva, así como o respecto ás minorías. Porque o STEG pulará polo logro de acordos concretos e a unidade de acción co resto dos sindicatos. Porque

o STEG prestará atención preferente a todas as accións encamiñadas ao logro de formas de unidade co resto de sindicatos de ámbito galego.

2.3. Independente e autónomo

Porque o STEG é unha organización sindical con entidade e autonomía propias, que toma as súas decisións segundo a súa propia dinámica interna e se financia coas contribucións das súas afiliadas e afiliados (sen menoscabo das subvencións ás que teña dereito pola súa representatividade sindical). O STEG é independente do aparato do Estado, dos partidos políticos e de calquera outro grupo de presión, ben sexa económico, relixioso, ideolóxico...

2.4. De clase

Porque agrupa a traballadoras e traballadores do ensino, docentes e non docentes, como parte integrante da clase traballadora. Porque se sente vencellado ás accións unitarias das traballadoras e traballadores a nivel galego e estatal. Porque o STEG séntese solidario coas traballadoras e traballadores do mundo e súmase ás súas loitas contra a opresión e pola emancipación dos pobos sometidos. Porque unha das súas metas é aglutinar no seu seo aos sectores progresistas do ensino en Galiza, integrando a todas as persoas que se sintan referenciadas nas características definitorias do STEG e compartan os seus obxectivos. Porque non renuncia a adoptar as accións que estime necesarias en defensa de toda reivindicación que beneficie ás traballadoras e traballadores do ensino, no marco dun modelo de ensino non xerarquizado, e que contribúan a unha transformación profunda do actual sistema educativo no camiño cara á ESCOLA PÚBLICA GALEGA.

2.5. Socio-político

Porque o STEG reivindica a mellora das condicións laborais e profesionais das traballadoras e traballadores do ensino e, ademais, asume a defensa de todas as cuestións políticas e sociais que afecten á clase traballadora e ao pobo galego. Por iso o STEG, como sindicato de clase comprometido coa realidade galega, valorará a súa participación nas accións sociais e plataformas sociopolíticas en defensa dos dereitos individuais e colectivos da cidadanía galega.

2.6. Democrático e asembleario

Porque todos os seus órganos son colexiados e as persoas que os compoñen son elixidas democraticamente nas Asembleas e Congresos correspondentes, sendo revogábeis polos mesmos. Porque as Asembleas son o xenuíno modo de participación da afiliación dentro do STEG onde estas propoñen, debaten e deciden, se é o caso, sobre calquera acción ou alternativa. Porque potencia as Asembleas de traballadoras e traballadores do ensino como medio de reforzar a unidade e a participación.

2.7. Feminista

Porque loita contra as opresións específicas a que están sometidas as mulleres, tanto nos aspectos laborais, profesionais e xurídicos, como nos sexuais e educativos. Porque loita contra as formas de discriminación e sexismo que permanecen e se transmiten a través do noso sistema educativo.

2.8. Confederal

Porque o STEG é membro da Confederación de STEs-i e da Confederación Intersindical e como membros da mesma debe cumprir os seus Estatutos, conservando sempre a súa soberanía.

2.9. Republicano.

Porque defendemos a radicalidade democrática, asentada sobre os seus principios de liberdade, xustiza e igualdade, firme defensora do espazo público e da soberanía cidadá.

2.10. Defensor dunha escola laica

Porque defendemos a separación entre Igrexa e Estado como garantía de convivencia, tolerancia e igualdade entre persoas crentes e non crentes e en consecuencia pulamos por unha escola laica.

2.11. Impulsor de valores educativos

Porque o STEG promove unha educación inclusiva, crítica, democrática, anticapitalista e antifascista e que combate a penetración do neoliberalismo e o neofascismo no ensino.

Porque o STEG propicia unha educación que divulgue as iniciativas pola paz e o desarme, a solución pacífica dos conflitos e a utilización con fins sociais dos recursos destinados ás políticas de defensa e guerras.

Porque o STEG mantén a incorporación no currículo escolar dos conceptos, procedementos e actitudes necesarios para unha educación ambiental que promova valores ecoloxistas e de compromiso cun desenvolvemento sostíbel.

3. OBXECTIVOS DO SINDICATO

Os obxectivos do STEG son, por esta orde de prelación:

- 3.1. A defensa da Escola e da Universidade Pública Galega que propoñemos, como modelo educativo propio de calidade, compensador de desigualdades e motor de innovación e transformación, por riba de intereses corporativos, persoais e/ou electorais.

- 3.2. A defensa dos dereitos e intereses lexítimos das traballadoras e dos traballadores do ensino nos aspectos sociais, laborais, profesionais e económicos.
- 3.3. A participación e control por parte das traballadoras e traballadores do ensino, xunto co resto dos outros sectores implicados da sociedade, na elaboración da política educativa da Galiza.
- 3.4. A consecución dun ensino galego, gratuíto, democrático, non discriminatorio, laico, coeducativo, medioambientalmente sostible, científico e de calidade para todo o pobo.
- 3.5. A consecución dun Corpo Único de Ensinantes con unha formación inicial profesional e científica do mesmo nivel sexa cal sexa o ensino que imparta, cun perfeccionamento continuo das traballadoras e dos traballadores do ensino, en relación directa coa función educativa, financiado pola Administración.
- 3.6. A consecución das mesmas condicións de traballo e retributivas para todas as persoas ensinantes.
- 3.7. Velar pola consecución dunha situación de saúde laboral integral nas súas tres facetas: física, psíquica e social, que permita alcanzar o benestar nos seus postos de traballo ao conxunto de traballadoras e traballadores.
- 3.8. A loita contra a discriminación das mulleres, denunciando as súas moitas faces e promovendo proxectos e prácticas coeducativas en todos os niveis de ensino.
- 3.9. Proporcionar formación, información, defensa, asesoramento e servizos ás súas afiliadas e afiliados.
- 3.10. Organizar todo tipo de actividades tendentes á mellora da calidade do ensino e da formación permanente.
- 3.11. Así mesmo, todos aqueles obxectivos que sexan acordados polo Congreso e que non entren en contradición cos presentes Estatutos.

4. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES

4.1. AFILIACIÓN

Serán afiliadas ou afiliados ao STEG aquelas traballadoras e traballadores do ensino, desde Educación Infantil á Universidade, que se encontren en activo, desempregadas, excedencia ou xubiladas, sempre que acepten os presentes Estatutos e o soliciten por escrito.

4.2. DEREITOS.

Toda persoa afiliada terá dereito a:

- 4.2.1. Expresar libre, individual ou colectivamente, as súas opinións dentro do Sindicato, e publicamente como persoa afiliada.
- 4.2.2. Elixir, ser elixida e revogar as súas representantes nos órganos definidos no Capítulo 5.
- 4.2.3. Votar en todas e cantas situacións afecten á vida sindical segundo os mecanismos establecidos nos presentes Estatutos.
- 4.2.4. Utilizar o material, locais e demais servizos de que dispoña o sindicato.
- 4.2.5. Recibir defensa laboral e asesoría xurídica nos termos previstos nestes estatutos e demais acordos do sindicato. En todo caso o acceso aos servizos xurídicos particulares esixe unha afiliación previa de 3 meses agás acordo expreso do SN ou da “comisión permanente”.
- 4.2.6. Participar na planificación, elaboración, control e execución das distintas actividades que se realicen.
- 4.2.7. Recibir información detallada sobre todos os aspectos da xestión do Sindicato.
- 4.2.8. Asistir ás reunións de calquera órgano do Sindicato.

4.3. DEBERES

As persoas afiliadas ao STEG teñen o deber de:

- 4.3.1. Observar os presentes Estatutos e respectar os acordos maioritarios.
- 4.3.2. Cotizar a cota establecida e velar polo mantemento e conservación dos bens sindicais.
- 4.3.3. Colaborar activamente no cumprimento dos principios e obxectivos do Sindicato, asistindo a xuntanzas, asembleas e actividades do mesmo.
- 4.3.4. Observar unha conduta respectuosa con todos os membros do sindicato velando polo correcto funcionamento do mesmo.

4.4. PERDA DA CONDICIÓN DE AFILIADA OU AFILIADO AO SINDICATO

A condición de afiliada ou afiliado ao Sindicato pérdese:

- 4.4.1. Por expresa vontade de quen así o desexe, manifestada por escrito.
- 4.4.2. Por falta inxustificada no pago das cotas durante dous períodos de cotización, previo apercibimento por escrito cun mínimo de quince días de antelación.
- 4.4.3. Por manter condutas manifestamente incompatíbeis coa defensa e a imaxe do interese xeral do sindicato, usando os seus medios para fins particulares

ou que resulten manifestamente contrarias ao funcionamento dos órganos do sindicato.

4.4.4. Por manter dobre afiliación publicamente manifesta a outro sindicato de ensino galego ou por presentarse a calquera elección por outro sindicato que non sexa a presente organización.

4.4.5. A afiliación ao STEG obriga a asumir na práctica as actuacións deste no terreo da acción sindical. Non obriga a estar de acordo con elas nin impide recoñecer publicamente as discrepancias.

O STEG non xulga as actuacións que as persoas a el afiliadas poidan ter á marxe da súa condición de tales, salvo no caso de que impliquen compromiso con intereses empresariais ou coa Administración Pública ou que estean incursos en procedementos xudiciais por feitos que comprometen a imaxe pública do sindicato por resultar contrarios aos seus principios e intereses.._

5. ESTRUCTURA SINDICAL: ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

5.1. STEG (centro, zona, provincia e nación)

O STEG organízase nos niveis de Centro, de Zona, de Provincia e de Nación. A constitución ou desaparición dunha zona na estrutura do Sindicato deberá ser aprobada en Congreso, conxugando criterios xeográficos, de acción sindical e de afiliación. Transitoriamente o Secretariado Nacional poderá dar o visto e prace á creación ou desaparición dunha zona, pendente de ratificación polo Congreso.

5.2. ASEMBLEAS SINDICAIS

5.2.1. Asemblea de Centro

É o órgano base de elaboración, discusión e decisión. Está formada por todas as traballadoras e todos os traballadores do centro que estean afiliados ou afiliados.

As funcións da Asemblea de Centro son:

- Analizar a situación xeral do centro e decidir sobre problemas internos do mesmo.
- Propor todo o que proceda ás asembleas zonais, provinciais e nacional así como aos órganos colexiados que corresponda.
- Participar na planificación dos métodos pedagóxicos máis axeitados á situación específica do centro.

- Velar polo cumprimento das decisións tomadas nas asembleas zonais e provinciais así como nos órganos colexiados.
- Elixir ao principio de cada curso as persoas que representan ao Sindicato no centro.
- A Asemblea de Centro poderá ser convocada por: O Secretariado de Zona. O 25% da afiliación do Centro. A convocatoria de Asemblea de Centro farase pública en tempo e lugar de xeito que chegue a toda a afiliación do centro.

5.2.2. Asemblea de Zona

É o órgano de debate e decisión colectiva a nivel de zona. A creación ou disolución dunha Asemblea de Zona, previa proposta realizada en tal sentido, deberá ser aprobada provisoriamente polo Secretariado Nacional e ratificada posteriormente polo Congreso.

As funcións da Asemblea de Zona son:

- Analizar e decidir sobre cuestións que se refiran á Zona.
- Potenciar as actividades e o traballo sindical na Zona.
- Trasladar as propostas aos órganos competentes.
- Crear as secretarías que se vexan oportunas.
- Velar polo cumprimento das decisións tomadas congresualmente.
- Elixir as persoas que compoñan o Secretariado de Zona.
- Propor as persoas representantes que lle correspondan no Secretariado Provincial correspondente e no Secretariado Nacional.
- Elixir a persoa representante na Comisión Permanente do Secretariado Nacional.

A Asemblea de Zona poderá ser convocada pola persoa que a represente na Comisión Permanente do Secretariado Nacional, polo Secretariado de Zona ou por un 10% da afiliación da zona, que asinarán a convocatoria facendo constar a correspondente orde do día. As convocatorias faranse por escrito cun mínimo de 48 horas de antelación. En calquera caso terá que xuntarse, como mínimo, unha vez ao ano para coñecer o proxecto anual do Secretariado de Zona e, no seu caso, aprobalo.

5.2.3. Asemblea Provincial

Estará formada pola afiliación da provincia. As funcións da Asemblea Provincial serán:

- Debater e decidir sobre cuestións que se refiran ao seu ámbito (entre outras, coordinar as accións na Xunta de Persoal, configurar candidatura ás eleccións sindicais...).
- Trasladar as propostas aos órganos competentes.
- Velar polo cumprimento das decisións tomadas congresualmente.
- Elixir as persoas que compoñan o Secretariado Provincial.
- Aprobar, facer seguimento e avaliar o Proxecto Anual do Secretariado Provincial.
- Propor as persoas que lle correspondan no Secretariado Nacional.
- Elixir a persoa representante na Comisión Permanente do Secretariado Nacional.
- Elaborar as listaxes electorais das xuntas de persoal e dos demais órganos da administración do seu ámbito.

Poderá ser convocada por un Secretariado Provincial, pola Comisión Permanente do Secretariado Nacional ou polo 10% da afiliación da provincia correspondente. En calquera caso a Asemblea Provincial terá que xuntarse, como mínimo, unha vez ao trimestre. No primeiro, para coñecer o proxecto anual do Secretariado Provincial e, no seu caso, aproballo; no segundo trimestre, para facer o seguimento deste proxecto e, no terceiro, para avaliar a acción sindical realizada.

5.2.4. Asemblea Xeral

É un órgano de participación directa do Sindicato de carácter extraordinario. A Asemblea Xeral poderá ter carácter consultivo, de debate e, de ser o caso e sempre que cumpra determinados requisitos, decisorio. As convocatorias terán que facerse sempre cunha antelación de 15 días a toda a afiliación. Será convocada pola Comisión Permanente do Secretariado Nacional ou sempre que o solicite por escrito o 10% do total da afiliación do STEG ou unha Asemblea Provincial ou de Zona, en acordo tomado por maioría de 2/3 desa Asemblea e sempre que figure previamente na orde do día. Para que unha Asemblea Xeral teña carácter decisorio requirírase, en primeira convocatoria, un quórum da metade máis un da afiliación do STEG, e en segunda, o número de persoas presentes, sempre que non sexa inferior ao 20% do total da afiliación de STEG a esa data. Se ten o quórum indicado, a Asemblea Xeral poderá tomar decisións, por maioría simple, dentro dos temas que figuran na orde do día da súa convocatoria. No caso de que nunha Asemblea Xeral exista maioría simple a prol dunha cuestión presente na orde do día e que contraveña algunha decisión tomada en Congreso, procederase nun prazo

máximo de 1 mes á convocatoria dun Congreso Extraordinario de STEG que teña esa cuestión como único punto na orde do día.

5.2.5. Asemblea de Mulleres

A Asemblea de Mulleres está integrada por todas as mulleres afiliadas ao Sindicato. O seu funcionamento será democrático e autónomo dentro do sindicato e organizaranse a nivel de Zona, de Provincia e Nacional. Cada unha destas asembleas poderá ser convocada por un 10% das mulleres afiliadas ou pola súa representante nos Secretariados de Zona, Provincial e Nacional, respectivamente.

O seu funcionamento será democrático, autónomo no político e independente no orgánico, e organizarase dentro do sindicato a nivel de Zona, de Provincia e Nacional.

Somos autónomas, con capacidade de elaboración e proposición da Asemblea, sempre dentro do marco político e estatutario do STEG.

As Asembleas provinciais de Mulleres e as Asembleas de zona estarán integradas por todas as mulleres da zona ou da provincia que pertencen á Asemblea.

As asembleas de Mulleres reuniranse como mínimo unha vez ao ano e poderán ser convocadas pola Secretaría Nacional da Muller, polas responsables provinciais ou de Zona na súa circunscrición ou por un 2% das mulleres da Asemblea correspondente. A convocatoria remitirase a todas as mulleres da Asemblea cunha antelación de 15 días, para favorecer e garantir a participación, non podendo modificar a data e lugar acordado. A orde do día remitirase sete días antes.

Funcionará unha comisión de mulleres constituída como mínimo pola persoa responsábel da Secretaría da Muller a nivel nacional e as responsábeis provinciais da Asemblea de Mulleres e das zonas legalmente constituídas. Esta comisión, reunirse como mínimo tres veces ao ano e será a encargada de colaborar coa responsable da Secretaría da Muller na elaboración do plan de traballo anual, no seu seguimento e na coordinación da súa execución.

Son obxectivos destas Asembleas:

- Organizar a loita contra a discriminación das mulleres no ensino, dende unha perspectiva feminista, igualitaria en dereitos e oportunidades, libre de violencia machista e coeducativa sen androcentrismos.
- Cuestionar a organización social de xénero tradicional que constitúe o patriarcado e a vontade de participar na elaboración dunha alternativa educativa acorde cas necesidades e aspiracións das mulleres.

- Facer avanzar ao conxunto do Sindicato na asunción da problemática real das mulleres e na necesidade da educación para a igualdade e respecto das diferenzas.
- Ser o motor que dinamice a participación das afiliadas dentro do Sindicato, desenvolvendo accións positivas co obxectivo de servir de modelos de feminismo nunha organización mixta.
- Analizar a estrutura da educación e as relacións entre mulleres e homes, nenos e nenas coa finalidade de asegurar que as mulleres ocupemos o lugar que nos corresponde como cidadás, mestras e alumnas.

As súas actividades estarán financiadas cos fondos do Sindicato.

As funcións da Asamblea de Mulleres son:

- Elixir a persoa responsábel da Secretaría da Muller que terá o posto de seu na Comisión Permanente do Secretariado Nacional e no Secretariado Nacional.
- Marcar as directrices á Comisión de Mulleres.
- Planificar e facer un seguimento da acción sindical levada a cabo pola Comisión de Mulleres.
- Establecer as liñas de acción sindical na área de Muller.
- Decidir como artellar as actuacións das mulleres da Asamblea nas distintas plataformas ou movementos feministas.
- Asumir calquera outra competencia expresamente atribuída á Asamblea de Mulleres nos presentes estatutos ou encomendada polo Congreso.
- As Asembleas provinciais e de zona teñen as seguintes funcións:
- Elixir a persoa responsábel para a Comisión de Mulleres.
- Levar á práctica as decisións tomadas na Asamblea Nacional de Mulleres.
- Propoñer actuacións e intervencións de carácter provincial e nacional.
- Ser voceiras das preocupacións das mulleres das provincias e zonas nos centros educativos.

Para que a Asamblea de mulleres Nacional teña carácter decisorio requiríranse acordos tomados por consenso, de non ser así por una maioría de 2/3 das presentes, sempre que haxa quórum do 2% das mulleres da Asamblea de Mulleres.

Cando os acordos sexan relativos a temas ou decisións xa tratadas con anterioridade, será necesario un quórum do 5% para que teñan validez.

Os votos por correo electrónico serán admitidos para cuestións que non esixan debate previo. Se son debatidas na Asemblea de Mulleres, non serán admitidos, so se aceptarán os votos en tempo real, xa sexan de xeito presencial ou por vía virtual a través de diferentes plataformas(hangouts, skype...). Nos debates polo chat ou por correo, os votos non serán vinculantes.

Relación da asemblea de mulleres coa Confederación.

A Asemblea de Mulleres relaciónase coa Confederación Intersindical a través da Organización de Mujeres. A Organización de Mujeres leva a súa acción de forma transversal e ten entre os seus fins impulsar a participación e a presenza equilibrada de mulleres e homes, ademais de achegar unha análise de xénero a toda acción sindical confederal.

Esta constituída pola mulleres que pertencen a Comisión de Coordinación e polo conxunto das Secretarías, áreas ou organización de mulleres existentes en cada organización da Confederación Intersindical, entre elas a Asemblea de Mulleres do STEG.

5.3. ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO

5.3.1 SECCIÓNS SINDICAIS

A afiliación do STEG nun centro de traballo ou administración pública poderá constituír Seccións Sindicais ao amparo da 'Ley Orgánica 11/85, de 2 de agosto, reguladora del derecho de Libertad Sindical'. A Sección sindical, como órgano de representación do sindicato no centro de traballo ou administración pública, estará formada polo conxunto de persoas afiliadas ao STEG no ámbito que lles corresponde.

O funcionamento das Seccións Sindicais será democrático, tomando os acordos en asemblea. Para isto, cada Sección Sindical debe realizar, como mínimo, unha asemblea xeral ao ano.

As Seccións Sindicais son soberanas para o desenvolvemento da súa actividade no ámbito que lles corresponde, sendo consonte coas liñas marcadas polo último Congreso do STEG.

Poderase constituír unha Sección Sindical cando existan ao menos tres persoas afiliadas ao sindicato que así o manifesten, ou sendo inferior este número cando sexa de interese para o sindicato.

O Secretariado Nacional é o órgano encargado de aprobar a creación de novas Seccións Sindicais e de inscribilas e rexistralas. Cando existe unha

administración pública, cun ámbito de negociación propia, na que existan varias Seccións Sindicais constituirase unha Sección Sindical Intercentros que asumirá as funcións no seu ámbito.

As Seccións Sindicais dotaranse dun regulamento de funcionamento que terá que ser ratificado polo Secretariado Nacional.

O regulamento das Seccións Sindicais non pode contradicir, en ningún caso, estes Estatutos, garantindo que son as asembleas os órganos máximos de decisión.

Cando nunha Sección Sindical hai persoal de distintos sectores laborais regularanse asembleas de sector para a toma de decisións no seu ámbito.

Son funcións, entre outras, das Seccións Sindicais, as seguintes:

- Decidir a aplicación concreta das liñas de acción sindical e sociopolítica do Sindicato no centro de traballo.
- Participar nas negociacións colectivas do seu ámbito de actuación e elixir as persoas que as representarán nas mesas de ditas negociacións.
- Elixir as persoas que correspondan para o Secretariado Nacional.
- Elixir aos delegados e delegadas sindicais que correspondan.
- Elaborar e presentar as candidaturas para as eleccións sindicais no ámbito do seu centro de traballo.
- Elaborar e aprobar o regulamento de funcionamento interno.
- Todas aquelas que lle sexan legalmente atribuíbles.

En cada zona: Secretariado de Zona. Na provincia: Secretariado Provincial Na nación: Comisión Permanente do Secretariado Nacional Secretariado Nacional Congreso.

5.3.2. Secretariado de Zona

É o órgano executor dos acordos da Asemblea de Zona, a cal decidirá o número de persoas que o vai compoñer e as posíbeis substitucións destas e ratificará, ademais, o reparto de funcións e cometidos de cada persoa nese Secretariado. Unha de tales persoas deberá ser representante da Asemblea de Zona de Mulleres.

Son funcións do Secretariado de Zona:

- Levar á práctica os acordos e directrices do Congreso e do Secretariado Nacional, asegurando a dirección zonal do sindicato.

- Ratificar as persoas representantes da zona, previamente propostas pola Asemblea de Zona, quer no Secretariado Provincial correspondente, quer no Secretariado Nacional e mais a súa Comisión Permanente.
- Preparar a orde do día e a documentación necesaria para realizar as Asembleas Zonais.
- Elaborar o proxecto anual e someter o seu seguimento e avaliación ante a Asemblea Zonal.
- Controlar a administración e xestión dos recursos e as finanzas da zona.
- Decidir sobre aquelas cuestións que se refiran ao seu territorio, e debater todos aqueles asuntos importantes relacionados coa acción sindical.

Con carácter xeral, as reunións do Secretariado de Zona terán unha periodicidade mensual e deberán realizarse, a ser posíbel, fóra do horario de traballo da afiliación non liberada que forme parte deste órgano. Contéplanse a posibilidade de realizar convocatorias extraordinarias do Secretariado Zonal, cun mínimo de 48 horas de antelación. Esas convocatorias realizaranse a petición de, como mínimo, 1/3 do propio Secretariado de Zona ou un mínimo do 10 % do total da afiliación da zona nese intre.

5.3.3. Secretariado Provincial

É o órgano executor dos acordos da Asemblea Provincial, a cal decidirá o número de persoas que o vai compoñer e ratificará o reparto de funcións e cometidos de cada persoa no órgano. Unha de tales persoas será a representante da Asemblea Provincial de Mulleres. En todo caso priorizarase unha composición baseada nas persoas liberadas da provincia, tanto a tempo total como parcial, así como en membros do Secretariado Nacional adscritos á asemblea provincial correspondente.

Son funcións do Secretariado Provincial:

- a) Levar á práctica os acordos e directrices do Congreso e do Secretariado Nacional, asegurando a dirección provincial do sindicato.
- b) Propoñer ao Secretariado Nacional a lista de nomes das persoas liberadas correspondentes ao seu ámbito.
- c) Ratificar á persoa representante da circunscrición, previamente proposta pola Asemblea Provincial, na Comisión Permanente do Secretariado Nacional.
- d) Elixir as persoas representantes da circunscrición, previamente propostas pola Asemblea Provincial, no Secretariado Nacional.

- e) Preparar a orde do día e a documentación necesaria para realizar as Asembleas Provinciais.
- f) Propoñer as atribucións de tarefas e responsabilidades entre as persoas liberadas adscritas ao seu territorio.
- g) Elaborar o proxecto anual e someter o seu seguimento e avaliación ante a Asemblea Provincial.
- h) Controlar a administración e xestión dos recursos e as finanzas provinciais.
- i) Decidir sobre aquelas cuestións que se refiran ao seu territorio, e debater todos aqueles asuntos importantes relacionados coa acción sindical.
- j) Levar á práctica o debatido e decidido pola Asemblea Provincial asegurando a dirección provincial do sindicato.

Con carácter xeral, estas reunións terán unha periodicidade mensual, en paralelo coa Comisión Permanente do Secretariado Nacional, e deberán realizarse, a ser posíbel, fóra do horario de traballo da afiliación non liberada que forme parte deste órgano. Para facilitar sempre a toma de postura previa á Comisión Permanente do Secretariado Nacional, cando a situación o requira, contéplanse a posibilidade de realizar convocatorias extraordinarias do Secretariado Provincial, cun mínimo de 48 horas de antelación. Esas convocatorias extraordinarias do Secretariado Provincial realizaranse a petición de, como mínimo, 1/3 do propio Secretariado ou un mínimo do 10 % do total da afiliación da provincia nese intre.

5.3.4. Secretariado Nacional

Estará formado pola suma de:

- a) as persoas representantes das asembleas zonais e provinciais legalmente constituídas, a razón dunha persoa representante por cada 35 afiliadas.
- b) de constituírse algunha nova sección dalgún sector externo ao corpo de docentes do ensino público galego non universitario, unha por cada 5 afiliadas, de xeito transitorio, mentres se consolida esa nova sección, terán dereito a 1 persoa representante.
- c) unha representante da Asemblea de Mulleres.
- d) as persoas electas directamente no Congreso, a razón de unha persoa representante por cada 200 afiliadas en cada provincia (tendo en conta a afiliación a 31 de agosto de cada ano e redondeando sempre á alza).

O Secretariado Nacional é o órgano máximo de goberno entre Congresos, terá carácter de debate, consultivo e decisorio, marcando as directrices de

actuación do Sindicato. O Secretariado Nacional elixirá entre as persoas que a integran a súa Comisión Permanente, conforme ao establecido no artigo 5.3.4. destes Estatutos.

¡O Secretariado Nacional reunirse con carácter ordinario cando menos tres veces ao ano. As convocatorias terán que facerse sempre cunha antelación mínima de 15 días. Será convocado pola Comisión Permanente do Secretariado Nacional de forma ordinaria e de xeito extraordinario pola mesma Comisión Permanente do Secretariado Nacional ou unha Asemblea Provincial, en acordo tomado por maioría e sempre que figure na orde do día.

Para que un Secretariado Nacional teña carácter decisorio requirirase un quórum da metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria e de 1/3 dos seus membros, en segunda. Neste último caso as decisións deberán adoptarse por consenso, entendido este coma a ausencia de votos en contra e de non existir máis abstencións que votos a favor.

Se non se consegue o quórum preciso, nin en primeira nin en segunda convocatoria, o SN terá carácter unicamente deliberativo e deberá volver a incluír os temas abordados que necesiten decisión executiva nunha futura xuntanza do organismo, sexa ordinaria, sexa extraordinaria, que non deberá demorar en convocarse máis de 1 mes a respecto da data de referencia. As decisións do Secretariado Nacional tomaranse por maioría simple, sempre que non sexan maioría as abstencións. Nese caso volverase debater o punto en cuestión e na segunda votación a decisión adoptarase por maioría simple de SI ou NON, pero xa con independencia do número de abstencións. No caso de que nun Secretariado Nacional con quórum exista maioría cualificada de 2/3 a prol dunha cuestión que contraveña algunha decisión do Congreso, convocarase no prazo máximo de 1 mes Congreso Extraordinario.

Son funcións do Secretariado Nacional:

- Aprobar o seu regulamento de funcionamento.
- Seguir as directrices do Congreso.
- Configurar a súa Comisión Permanente.
- Elixir as persoas responsábeis das distintas secretarías (agás a da Muller) que formarán parte da Permanente do SN.
- Marcar as directrices á Comisión Permanente do Secretariado Nacional.
- Marcar liñas de acción sindical anuais.

- Marcar liñas de acción das persoas representantes do STEG nos diversos organismos de representación institucionais (Mesa Sectorial, Xuntas de Persoal, Consellos Escolares Municipais, Comités de Saúde Laboral, etc.).
- Regular o horario de traballo das persoas liberadas
- Planificar e facer o seguimento da acción sindical do conxunto da organización.
- Ratificar o reparto dos cupos de liberación sindical, total e parcial, proposto pola Comisión Permanente do Secretariado Nacional.
- Designar ou ratificar, segundo o caso, as substitucións que se requira facer na Comisión Permanente do Secretariado Nacional.
- Elixir e revogar, se é o caso, a persoa representante do Sindicato no Consello Escolar de Galiza ou en calquera outro órgano no que lle corresponda representación ao STEG a nivel nacional.
- Aprobar o orzamento anual presentado pola Secretaría de Finanzas.
- Aprobar o balance económico presentado pola Secretaría de Finanzas.
- Aprobar a cota de afiliación ordinaria e o establecemento puntual de cotas extraordinarias (Congreso).
- Encauzar as peticións de actuación da Comisión de Garantías, coordinando a súa posta en marcha e favorecendo o seu funcionamento, se así se decide.
- Designar a persoa coordinadora do traballo da Comisión de Garantías, que será elixida por maioría de 2/3, promovendo un perfil de consenso.
- Aprobar a constitución de novas agrupacións territoriais ou zonas no STEG.
- Aprobar a constitución de novas seccións sindicais vinculadas ao ensino público galego.
- Convocar o Congreso e aprobar o regulamento congresual, así como elaborar aquelas propostas, informes ou relatorios que estime oportuno someter a aprobación do Congreso.
- Calquera outra competencia expresamente atribuída ao Secretariado Nacional nos presentes Estatutos ou encomendada polo Congreso.
- As persoas membros do Secretariado Nacional que, entre Congreso e Congreso, non asistan a tres xuntanzas consecutivas ou cinco alternas deste órgano de representación sen mediar causa xustificada, poderán causar baixa do devandito órgano.

5.3.5. Comisión Permanente do Secretariado Nacional

É o órgano de xestión cotiá e representación permanente do Sindicato que aplica as decisións e directrices adoptadas polo Congreso e polo Secretariado Nacional. Coordinará as diferentes Secretarías.

A Comisión Permanente do Secretariado Nacional estará composta do seguinte xeito:

- Cada Provincia estará representada por unha persoa elixida pola súa Asemblea.
- Cada Zona constituída estará representada por unha persoa elixida pola súa Asemblea.
- A Asemblea Nacional de Mulleres estará representada pola responsábel da Secretaría da Muller.
- Unha persoa desempeñará a secretaría de Confederación e Relacións Institucionais.
- Unha persoa desempeñará a Secretaría de Organización.
- Unha persoa desempeñará a Secretaría de Comunicación e Formación.
- Unha persoa desempeñará a Secretaría de Acción sindical.
- Unha persoa desempeñará a Secretaría de Finanzas.
- Unha persoa desempeñará a Secretaría de Persoas Xubiladas
- Unha persoa por cada sector regulamentariamente constituído polo SN desempeñará a súa respectiva Secretaría.

A Comisión Permanente do Secretariado Nacional funcionará colexiadamente, con reunións mensuais ordinarias, adoptando os seus acordos por 2/3 dos asistentes en primeira volta e por maioría simple en segunda votación, sen que poida haber máis abstencións que votos a favor. Ademais das reunións ordinarias, poderá reunirse extraordinariamente cada vez que o soliciten por escrito polo menos un 30% das persoas que a compoñen. A Comisión Permanente do Secretariado Nacional estará constituída coa presenza da metade máis unha das persoas que a compoñen previa convocatoria.

Poderán asistir ás xuntanzas da Comisión Permanente do Secretariado Nacional outras persoas afiliadas con voz e sen voto. As persoas membros desta Comisión Permanente poderán convidar ás xuntanzas a calquera persoa afiliada, se consideran necesario a súa participación dados os temas a tratar na

orde do día. Nese caso, procurarase que a xuntanza se leve a cabo en horario que permita participar a persoas que non dispoñen de liberación.

Son funcións da Comisión Permanente do Secretariado Nacional:

- Levar á práctica os acordos do Congreso, asegurando a dirección diaria do Sindicato.
- Seguir as directrices do Secretariado Nacional.
- Definir e coordinar as Secretarías e os servizos do Sindicato.
- Transmitir á afiliación os acordos dos órganos do Sindicato, e da Confederación de STEs-Intersindical e doutras plataformas ou organizacións das que o STEG forme parte.
- Representar ao Sindicato a todos os efectos, entre xuntanzas do Secretariado Nacional.
- Participar no deseño do proxecto económico anual.
- Executar e facer o seguimento da acción sindical, así como coordinar a actividade sindical entre as distintas sedes e unidades territoriais constituídas.
- Potenciar a participación e favorecer a comunicación dentro da organización.
- Calquera outra que decida o Congreso ou ben o Secretariado Nacional.
- As substitucións necesarias en período intercongresual dos membros da Comisión Permanente do Secretariado Nacional que teñan representatividade territorial (provincia ou zona) deben ser cubertas por persoas elixidas nas respectivas asembleas provinciais e zonais e ratificadas polo Secretariado Nacional.
- As substitucións necesarias en período intercongresual dos membros da Comisión Permanente do Secretariado Nacional que desempeñen as distintas Secretarías deben ser cubertas por persoas propostas pola propia Comisión Permanente para ser elixidas polo Secretariado Nacional, agás no caso da Secretaría de Muller, que será proposta pola Asemblea de Mulleres e ratificada polo Secretariado Nacional.

5.3.6. Congreso

É o máximo órgano de debate e decisión do Sindicato. Determina a estrutura organizativa do Sindicato e a orientación político-sindical xeral. No momento de constituírse o Congreso do STEG e estar aprobado o Regulamento do mesmo, cesará o Secretariado Nacional e a súa Comisión Permanente, facéndose

cargo da Dirección do STEG a Mesa do Congreso. Como remate do Congreso será ratificado o Secretariado Nacional segundo os procedementos e normas contempladas nestes Estatutos. De igual xeito, o Congreso elixirá a Comisión de Garantías. O Congreso reunirase con carácter ordinario, polo menos cada catro anos, por acordo do Secretariado Nacional, por decisión do Congreso anterior ou a petición por escrito e asinada individualmente por un mínimo de 1/3 do total da afiliación.

Convocarase con carácter extraordinario cando así o acorde o Secretariado Nacional ou a súa Comisión Xestora (no caso contemplado no punto 5.8. destes Estatutos), cando o propoña unha Asemblea Xeral (no caso contemplado no punto 5.2.4. destes Estatutos) ou cando formule petición en tal sentido, por escrito e asinada individualmente, un mínimo de 1/3 do total da afiliación.

Todos os acordos do Congreso serán tomados por maioría simple, agás as resolucións, que deberán contar con dous terzos a favor dos votos emitidos. Ao Congreso do STEG poderá asistir con voz e voto calquera persoa afiliada/a, sempre que estea dada de alta e teña as cotas ao día nos prazos que fixe o correspondente Regulamento congresual.

As funcións do Congreso serán:

- Aprobar e modificar os Estatutos do STEG.
- Aprobar a alternativa e liña sindical do STEG.
- Aprobar o proxecto de Acción Sindical.
- Elixir para o Secretariado Nacional o cupo de persoas contemplado no artigo 5.3.3.b. destes Estatutos
- Ratificar as persoas que compoñen o Secretariado Nacional, previamente elixidas segundo o apartado 5.3.4.a.
- Aprobar os criterios de funcionamento económico fixados na Carta Financeira.
- Decidir sobre a disolución do STEG.
- Coñecer e decidir que cuestións se lle someten, sempre baixo o respecto a estes Estatutos.

5.4. VOTACIÓNS E ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES A TODOS OS NIVEIS

As eleccións faranse polo principio de sufraxio libre, directo e secreto. Cada elector e electora terá un voto. Serán admitidas nas eleccións todas as listas de candidaturas presentadas, sempre e cando non estean incursas en situacións que non amparen os presentes Estatutos. As candidaturas poderán ser individuais e/

ou colectivas. Unha persoa non poderá ir en máis dunha lista. En todo caso, o procedemento de elección será mediante listas abertas. Ao efectuar a votación poderanse incluír, como máximo, metade dos nomes en relación ao número de postos a cubrir, con independencia de que figuren en candidatura individual e/ ou colectiva. A votación, en todos os casos e salvo decisión previa unánime en sentido contrario, terá que ser secreta e non serán válidas as papeletas que inclúan máis nomes que a metade en relación ao número de postos a cubrir ou que amosen tachaduras ou calquera outro tipo de alteración. No caso de votacións a cargos individuais resultará electa a persoa candidata que obteña maior número de votos. Nos demais casos, a adxudicación corresponderá ás persoas máis votadas, por orde descendente de escrutinio, ata que se cubra o cupo de postos correspondente. Se houber empate para dirimir o derradeiro posto entrante, primaríase a persoa candidata de menor idade. As votacións son vinculantes para todas as persoas sindicadas, asistentes ou ausentes, sendo preciso para iso que figurasen na orde do día. As vacantes que se produzan serán cubertas polo procedemento ordinario de elección de cada órgano, agás nos casos contemplados nestes Estatutos.

Os acordos tomaranse por maioría simple, salvando o previsto nos puntos 5.2 e 5.3.

5.5. REVOCACIÓN

Os órganos e os seus membros, así como as persoas representantes elixidas, poderán ser revogadas polos propios órganos que están facultados para elixilas. Para que se proceda á revogación será preciso un quórum de 2/3 en todos os casos. Para votar unha proposta de revogación será preciso que esta estea incluída na orde do día da convocatoria do órgano ou asemblea correspondente. Para que a revogación sexa efectiva será preciso que esta sexa aprobada polos 2/3 das persoas asistentes ou por un número igual á metade máis unha das persoas de pleno dereito da asemblea correspondente.

5.6. ÓRGANOS DE EXPRESIÓN PÚBLICA

O Sindicato procurará ter os seus propios órganos de expresión, impresos e/ou dixitais, que publicarán os documentos aprobados polo propio Sindicato a nivel nacional, provincial ou zonal, así como análises ou manifestacións da afiliación ou de grupos da mesma, sempre que non vulneren os presentes Estatutos.

5.7. GRUPOS DE TRABALLO

Os grupos de traballo son unha iniciativa para a participación á hora de crear posicionamentos públicos da nosa organización. Nos grupos de traballo poderán participar todas aquelas persoas simpatizantes e afiliadas que teñan interese no estudo e debate do tema polo cal se constitúe o grupo. Ao inicio da actividade,

as integrantes escollerán entre elas á persoa que terá a responsabilidade de coordinar as actividades que leva a cabo o grupo, así como de moderalo e convocalo. Na primeira reunión fixarase o calendario de xuntanzas do grupo, que se autoconvocará de forma anticipada e con unha orde do día.

Serán obxectivos destes grupos de traballo:

- a) Estudar e debater a iniciativa propia, ou ben por encargo dalgún dos órganos nacionais do sindicato, os temas que se acorden.
- b) Elaborar e presentar documentos e propostas de actuación e/ou posicionamento do sindicato nos órganos que teñan competencia para tomar a correspondente decisión.
- c) Aqueloutras que, por delegación, lle fosen atribuídas polos órganos nacionais do sindicato.

5.8. COMISIÓN XESTORA

Cando causen baixa a metade máis un dos membros do Secretariado Nacional, os membros restantes constituirán unha Comisión Xestora que, asumindo interinamente a dirección do Sindicato, terá como función fundamental a convocatoria, no prazo máis breve posíbel, dun Congreso Extraordinario. O devandito prazo non poderá, en caso ningún, ser superior a tres meses desde a constitución da Comisión Xestora.

5.9. COMISIÓN DE GARANTÍAS

Terá a función de recibir, atender e resolver calquera reclamación de persoas ou órganos do STEG contra acordos adoptados nos distintos ámbitos do Sindicato que presuntamente constitúan unha anomalía, poidan conculcar dereitos das persoas afiliadas ou poidan verse como transgresións das resolucións estatutarias, organizativas e de acción sindical adoptadas congresualmente.

A persoa coordinadora do traballo da Comisión de Garantías, que será elixida polo SN, facilitará toda a documentación a examinar polos seus membros, garantindo e axilizando a posibilidade de reunións presenciais e/ou telemáticas.

A Comisión de Garantías deberá emitir ditame favorable ou desfavorable sobre os temas que se lle consulten así coma unha proposta de sanción cando sexa o caso.

A Comisión de Garantías será elixida polo Congreso Ordinario do STEG, cada catro anos. Estará composta por cinco persoas titulares, que serán as que, entre todas as candidatas voluntariamente presentadas para integrar o organismo, obteñan maior número de votos mediante sistema de listas abertas. As persoas que obteñan menor nº de votos dos necesarios para estar entre as cinco electas, ficarán como suplentes da Comisión de Garantías, ata un máximo de 3, na mesma orde que determine o seu escutrinio.

En caso de imposibilidade de completar os seus membros durante o Congreso, o SN será o encargado de completala no prazo máximo dos seis meses subseguintes á celebración do mesmo.

Calquera afiliado ou afiliada pode candidatarase para facer parte da Comisión de Garantías, cos requisitos de ter como mínimo tres anos de antigüidade no STEG, ter sido membro dalgún órgano do sindicato e coa única limitación de que non poderá formar parte asemade de ningún órgano de dirección do STEG no momento da súa designación.

Para a convocatoria desta comisión os interesados dirixiranse á persoa coordinadora da mesma.

Unha vez convocada esta Comisión, abondará coa asistencia de tres membros para a validez das sesións.

As decisións da Comisión de Garantías adoptaranse por maioría dos seus membros. As súas resolucións serán de obrigado cumprimento e acatamento polas partes afectadas e poderán ser recorridas, en todo caso, diante do seguinte Congreso, que deberá resolver a reclamación antes do inicio das sesións de debate. Esta Comisión de Garantías poderá solicitar, chegado o caso, o asesoramento xurídico e legal oportuno.

5.10. SANCIONES

As sancións definitivas no caso de transgresión dos Estatutos serán impostas polo Secretariado Nacional, a proposta da Comisión de Garantías.

A Comisión de Garantías deberá pronunciarse sobre o particular antes de que se aprobe e efectívase calquera proposta de sanción.

O Secretariado Nacional ou a súa Comisión Permanente poderán acordar cautelarmente a suspensión de afiliación ou dos cargos e funcións das persoas ante as que se abra un procedemento se sanción. No caso de suspensión cautelar por parte da Comisión Permanente, o Secretariado Nacional deberá decidir na súa seguinte xuntanza se ratifica ou non as medidas cautelares e dar trámite para o comezo da tramitación do expediente por parte da Comisión de Garantías e Control. As persoas inmersas nestes procesos serán convocadas a ditas xuntanzas do Secretariado Nacional a efectos de poder argumentar no seu favor.

Poderanse impoñer os seguintes tipos de sancións:

- Voto de censura, que deberá ser formulado e razoado por escrito.
- Exclusión temporal do STEG, por tempo non superior a un ano, que implicará a imposibilidade de ser admitido nese tempo, salvo levantamento de sanción.

- Perda da condición de afiliada/o sen posibilidade de readmisión por inobservancia reiterada dos presentes Estatutos ou dos acordos maioritarios do Secretariado Nacional.

5.11. LIBERADAS E LIBERADOS

As persoas liberadas ostentan a representación do STEG con máis visibilidade cara ao exterior, polo que cando actúen en nome do STEG deberán observar a maior das pulcritudes no cumprimento dos presentes estatutos, dos sinais de identidade e dos obxectivos da nosa organización. O respecto ás normas básicas de convivencia debe ser un principio ineludible para estas persoas que traballan no día a día na nosa organización. Establecerase un período de adaptación de seis meses nos cales se avaliará por parte do SN a proposta da CPSN da aportación das novas persoas liberadas. As funcións das persoas liberadas, totais ou parciais, serán as de asumir as responsabilidades e realizar as tarefas que lles encomende o Secretariado Nacional e a Comisión Permanente do Secretariado Nacional. Informarán periodicamente do desenvolvemento destas tarefas ao Secretariado Provincial e á Comisión Permanente do Secretariado Nacional.

Cando asistan a xuntanzas en representación do STEG, e sen prexuízo de instrucións e consignas previas, terán liberdade de actuación, debendo informar e responder ante o Secretariado Nacional e a súa Comisión Permanente dos acordos adoptados, podendo estes órganos revertilos se os consideran contrarios aos principios e obxectivos do STEG.

Procurarase que estas persoas formen parte do Secretariado Nacional e da súa Comisión Permanente; de non ser posíbel, asistirán ás xuntanzas con voz e sen voto.

O nomeamento e cese destas persoas liberadas farase polo Secretariado Nacional a proposta de cada Secretariado Provincial ou Zonal e/ou da Comisión Permanente do Secretariado Nacional. Pódese permanecer como liberada ou liberado a tempo total un máximo de seis anos consecutivos. En casos excepcionais este período pode ampliarse en dous anos, se é aprobado por 2/3 do Secretariado Nacional. Despois de dous anos no posto de traballo ordinario poderíase iniciar un novo período de liberación.

5.12. FINANZAS

O Sindicato carece de patrimonio fundacional. Finánciase coas cotas da afiliación, coas doazóns que se reciban e coas subvencións que lle correspondan. O estado de contas será público.

Para que unha persoa afiliada poda facer efectivo o dereito a examinar o estado de contas, dirixirá un escrito coa solicitude do mesmo ao Secretariado Nacional, que deberá dar resposta concretando a forma de facelo no prazo máximo dun mes.

5.13. CAIXA DE RESISTENCIA E SOLIDARIEDADE.

A Caixa de Resistencia e Solidariedade é un fondo administrado polo STEG co que compensar a aquelas persoas afiliadas que están en folga ou que foron sancionadas polo exercicio da súa actividade sindical.

Nutrirase das cotas da afiliación na cantidade que decida o Secretariado Nacional cada ano.

A Caixa de Solidariedade e Resistencia dotarase dun regulamento para o seu desenvolvemento e a súa xestión que deberá ser aprobado polo Secretariado Nacional.

Unha vez aprobado entrará en funcionamento.

5.14. SECRETARÍA DE PERSOAS XUBILADAS

O momento en que as traballadoras e traballadores do ensino público cumpren a idade para a súa xubilación supón cambios importantes a todos os niveis.

Pero o feito de que cese a súa actividade laboral, non debe supoñer que deixen de ter un papel activo e relevante dende o punto de vista sindical. Dende esta óptica, o STEG sempre tentou dar resposta ás problemáticas dun segmento da afiliación tan importante como o é este. Pero agora, nun contexto socioeconómico e político incerto, faise necesario e parece conveniente, dotar a nosa organización sindical dunha estrutura formal que dea mellor resposta a todas estas persoas e, que ao tempo, garanta a transmisión de inquiredanzas, propostas e saberes e canalice a súa participación plena na actividade do sindicato, que indubidabelmente se verá beneficiado das súas aportacións e achegas. Deste xeito, a Secretaría de Persoas Xubiladas terá unha persoa responsábel, elixida en Congreso, que pasará a participar na Comisión Permanente do Secretariado Nacional.

Son funcións desta Secretaría:

- a) facilitar o período de tránsito da vida laboral á xubilación de todas as persoas afiliadas, contribuíndo á súa estabilidade a todos os niveis.
- b) recoller e canalizar nas vías de participación xa existentes no Sindicato, todas aquelas cuestións, propostas, suxerencias, problemáticas e dúbidas susceptibles de seren tratadas para tomar as medidas pertinentes como organización sindical.
- c) dinamizar a participación das persoas xubiladas do Sindicato promovendo espazos de encontro, momentos de intercambio e debate e realizando asembleas a principio de curso de xeito ordinario e cantas extraordinarias sexan convenientes a xuízo da persoa responsábel da secretaria, do Secretariado Nacional ou dun terzo das persoas xubiladas.

- d) poñer en contacto o Sindicato con outros movementos sociais de persoas xubiladas, tecendo rede e ampliando o radio de acción do sindicato na súa contorna.
- e) promover accións sindicais que poidan favorecer, mellorar e garantir as condicións de vida das persoas xubiladas.
- f) garantir que o importante capital acumulado de vivencias, saberes e experiencias revirta no ben do ensino público e na propia actividade do STEG.

Para garantir o adecuado desenvolvemento do traballo desta Secretaría e tendo en conta as súas características específicas elaborárase un regulamento de funcionamento que será aprobado polo Secretariado Nacional.

5.14. REVISIÓN DOS ESTATUTOS

Os Estatutos do STEG só poderán ser modificados en Congreso, ordinario ou extraordinario, sempre que figure na orde do día e que as propostas de modificación obteñan maioría de votos.

5.15. DISOLUCIÓN DO SINDICATO

No caso de disolución do Sindicato, o patrimonio sindical destinarase á Confederación de STEs-Intersindical.

